

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN DE PADRES, PROFESIONALES Y AMIGOS DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL "SPECIAL OLYMPICS GALICIA", PARA O MANTENIMENTO DA ENTIDADE E A PROMOCIÓN DA INTEGRACIÓN SOCIAL DIRIXIDA ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DE GALICIA E ÁS SÚAS FAMILIAS MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS ADAPTADAS, DE OCIO, FORMATIVAS E DE PROMOCIÓN DO VOLUNTARIADO PARA O EXERCICIO 2022**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

#### **DECLARA:**

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa **Asociación de Padres, Profesionales y Amigos de Personas con Discapacidad Intelectual Special Olympics Galicia** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización e ata o 31 de decembro de 2022. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realice SPECIAL OLYMPICS Galicia dende o 1 de xaneiro de 2022 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuir ao financiamento, por parte da Consellería de Política Social do mantemento da entidade e da promoción da integración social e mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual e as súas familias a través da realización de actividades deportivas adaptadas, de ocio, de formación e de promoción do voluntariado que ten previsto desenvolver Special Olympics Galicia no ano 2022.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 36 a) e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade SPECIAL OLYMPICS Galicia aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2022 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.



Así mesmo, as actuacións obxecto dos programas subvencionados a través deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social que asume o seu órgano de dirección, a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, segundo o previsto no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, concretamente no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

